

## O INNOV4LIFE consolida os seus Living Labs para impulsar a innovación en saúde dixital!

Nos últimos meses, o INNOV4LIFE deu novos pasos para consolidar a súa rede transfronteiriza de Living Labs, avanzando cara unha fase cada vez máis operativa, centrada na validación de solucións dixitais, na colaboración con entidades do ecosistema e na produción de coñecemento aplicado no ámbito da demencia e da deterioración cognitiva.

Un dos fitos principais deste período foi a inauguración das instalacións do Living Lab de Vigo, concretamente, nas premisas do Hospital Meixoeiro (CHUVI). Trátase dun espazo concibido para facilitar a experimentación, a cocreación e a avaliación de solucións innovadoras en contextos reais ou próximos á realidade. Esta infraestrutura reforza a capacidade do proxecto para reunir a profesionais, persoas usuarias, coidadoras, ou investigadoras, e empresas arredor dun obxectivo común, que é o de desenvolveren tecnoloxías máis útiles, accesibles e adaptadas ás necesidades reais das persoas.

Neste senso, tamén se avanzou na sinatura de Protocolos de colaboración, un elemento fundamental para reforzar a a cooperación entre as entidades participantes e garantir o desenvolvemento de actividades de validación, formación e transferencia de coñecemento.

Estes acordos permiten continuar a ampliar a rede de contactos (*stakeholders*) interesados e involucrados co INNOV4LIFE, cara a consolidación dun ecosistema de innovación aberta en saúde dixital na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.



*Inauguración do Living Lab de Vigo,  
no Hospital do Meixoeiro*

## O INNOV4LIFE consolida os seus Living Labs para impulsar a innovación en saúde dixital!

Paralelamente, seguen a avanzar as actividades de validación dos distintos proxectos asociados ao INNOV4LIFE. A través da rede de Living Labs, está a darse pulo aos procesos de avaliación, cocreación e testaxe de solucións dixitais coa participación de persoas usuarias, profesionais e entidades do sector. Este enfoque permite analizar non só a viabilidade tecnolóxica das solucións, se non tamén a súa usabilidade, aceptacións, adecuación ao contexto e impacto potencial na atención ás persoas con demencia ou deterioración cognitiva.

A produción científica do proxecto tamén continúa a crecer. Recentemente, publicouse en JMIR Aging o artigo *"Identifying Facilitators and Obstacles in Piloting Dementia Initiatives Within a Living Lab Approach: Systematic Review"*, unha revisión sistemática que identifica os principais facilitadores e barreiras na pilotaxe de iniciativas sobre a demencia, dende o enfoque do Living Lab. O traballo subliña a importancia da adaptación metodolóxica, dunha gobernanza sólida, da participación das persoas con demencia e da existencia de procedementos éticos adecuados para garantir procesos de innovación sustentables e centrados nas persoas.

A maiores do anterior, tamén se publicou o capítulo *"New Approaches to Human-Technology Interaction in the Context of Dementias"*, integrado no volume Health Technologies and Demographic Challenges. Este capítulo presenta varias abordaxes tecnolóxicas aplicadas ao contexto das demencias, incluíndo realidade virtual, axentes conversacionais e sistemas multimedia persoalizados, destacando o valor da participación e do codeseño no desenvolvemento de tecnoloxías de apoio.

Con estes avances, o INNOV4LIFE consolídase como unha plataforma viva de innovación aberta, capaz de reunir investigación, tecnoloxía, servizos e necesidades reais da sociedade.

Nos próximos meses, o proxecto continuará a impulsar validacións, actividades formativas e novas colaboracións para contribuír a unha saúde dixital máis inclusiva, útil e centrada nas persoas.

Visítade a nosa páxina web oficial!



<https://www.up.pt/innov4life>

